



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e nove de xuño de dous mil dezasete, reuníronse en sesión aordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o trinta de marzo do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o trinta de marzo do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO PARA 2016.- Dáse conta ao Pleno, en cumprimento do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no Real Decreto 500/90, de 20 de abril, da aprobación da liquidación do exercicio económico de 2016, por Resolución da Alcaldía de dezoito de maio do actual.

Da resolución dáse conta ao Pleno, en cumprimento da Lexislación anteriormente citada. De conformidade co establecido, continuarase coa realización dos trámites previstos en orde á aprobación da conta xeral do exercicio.

3.- OBRADOIRO DE EMPREGO "CUMES DA TERRA CHA II".- Dáse conta ao Pleno do expediente incoado, á vista do disposto na orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 8 de febreiro do actual, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2017 (D.O.G. núm. 44, de 3 de marzo).

Visto o proxecto formativo redactado ao efecto, baixo a denominación de "**CUMES DA TERRA CHA II**" a realizar conxuntamente entre os concellos de Begonte, Rábade e Friol, que comprende as especialidades de "Revestemento con pezas ríxidas



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

por adherencia en construción", "Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización" e "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes", cun total de 20 alumnos-traballadores e unha duración de 9 meses.

Visto que o obradoiro, polo que corresponde ao Concello de Friol comprende as actuacións incluídas nas memorias valoradas das obras de "EXECUCIÓN DE BEIRARRRÚAS NA ESTRADA LU 231", (2ª fase) e "MANTEMENTO DE ÁREAS VERDES NA ZONA URBANA DA LOCALIDADE DE FRIOL", segundo memorias do arquitecto Arquitecto Técnico D. Fernando Álvarez Álvarez.

Visto o Convenio de Colaboración entre os Concellos de Begonte, Rábade e Friol, para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro de Emprego denominado "**CUMES DA TERRA CHA II**".

Á vista do proxecto formativo redactado, do disposto na orde reguladora e na normativa de aplicación, así como das consideracións postas de manifesto ao respecto, considerando a importancia das actuacións a realizar, tanto polo que fai referencia ás obras a executar con ocasión do funcionamento do Obradoiro de Emprego, como no referente á formación dos traballadores, activando o desenvolvemento dos concellos, por resolución da Alcaldía de trinta de marzo do actual, ordeouse:

"PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA II**", a desenvolver conxuntamente nos Concellos de Begonte, Rábade e Friol.

SEGUNDO.- Polo que respecta ao concello de Friol prestar aprobación ás actuacións concretas a desenvolver no municipio ao abeiro do devandito obradoiro de emprego denominada "EXECUCIÓN DE BEIRARRRÚAS NA ESTRADA LU 231 (2ª FASE)" e "MANTEMENTO DE ÁREAS VERDES NA ZONA URBANA DA LOCALIDADE DE FRIOL" segundo memorias do Arquitecto Técnico D. Fernando Álvarez Álvarez. Ao respecto das mesmas, declarar a titularidade xurídica pública dos obxectos das actuacións e a dispoñibilidade legal para a execución das devanditas obras previstas no proxecto. Declarar así mesmo a tramitación das autorizacións administrativas esixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto.

TERCEIRO.- Comprometerse o Concello de Friol, a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería) en cantos aos gastos de formación e funcionamento para o desenvolvemento do proxecto con cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitarase importe nos presupostos da entidade polo importe de 25.000€.

CUARTO.- Delegar no Concello de Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas na solicitude do proxecto formativo, do Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA II**", ao abeiro do disposto na orde de 8 de febreiro do actual.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello, aos efectos oportunos".

Visto que na Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma, no capítulo dedicado á administración local, no Art. 60 establece que as entidades locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos interese xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. A cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común,



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

Visto que de conformidade co establecido na vixente lexislación de réxime local, require a maioría absoluta do número legal de membros das corporacións a adopción de acordos que impliquen transferencia de funcións a outras administracións públicas, así como a aceptación de delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administración, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente. Segundo o disposto na lei de procedemento administrativo, a eficacia dos actos das administracións públicas quedará demorada cando así o esixa o contido do acto, ou estea supeditado á súa notificación, publicación ou aprobación superior. Estímase polo tanto que a eficacia do acto queda supeditada á aprobación polo Pleno e en todo caso, á concesión da financiación pola Comunidade Autónoma para a realización das actuacións.

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello, a ratificación do disposto na resolución da Alcaldía de trinta de marzo do actual, pola que se aproba o proxecto do Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA II**", a desenvolver conxuntamente polos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, delegando no Concello de Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas na solicitude do proxecto formativo, do Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA II**", ao abeiro do disposto na orde de 8 de febreiro do actual.

Unha vez exposto, abriuse o turno de intervencións.

Á vista de que polos que polos señores concelleiros non se desexa facer ningunha intervención nin obxección ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** a ratificación do disposto na resolución da Alcaldía de trinta de marzo do actual pola que se aproba o proxecto do Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA II**", a desenvolver conxuntamente polos Concellos de Begonte, Rábade e Friol, delegando no Concello de Rábade para a tramitación administrativa das actuacións previstas na solicitude do proxecto formativo, do Obradoiro de Emprego "**CUMES DA TERRA CHA II**", ao abeiro do disposto na orde de 8 de febreiro do actual.

Unha vez que se produce a votación, seguidamente o Sr. Alcalde proclama o acordo adoptado.

4.- FICHERO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL VIVEIRO DE EMPRESAS DE FRIOL.- Dáse conta ao Pleno, do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro (B.O.E. nº 298, de 14 de decembro) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, que establece a obriga das Administracións Públicas de poñer en marcha diversas medidas de seguridade destinadas a garantir a protección de datos de carácter persoal.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Visto o artigo 52 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal (L.O.P.D. artigo 20), dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de titularidade pública só poderán facerse por medio de disposición xeral ou acordo publicado no Boletín Oficial correspondente.

Vistas as obrigas citadas, e co fin de actualizar os procedementos internos de xestión e tratamento da información existente no Concello de Friol, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1- Crear o ficheiro de datos de carácter persoal que figuran no Anexo I.
- 2- Facer público este acordo de conformidade co artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal (B.O.E. nº 298, 14 de Decembro), mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para a súa posterior notificación á "Agencia Española de Protección de Datos" co obxecto da súa inscrición no "Registro General de Protección de Datos".
- 3- O presente acordo entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANEXO.- FICHEIRO VIVERO DE EMPRESAS.

Servizo ou unidade ante a cal o afectado pode exercer os seus dereitos: Os interesados poderán exercer os seus dereitos sobre os datos contidos neste ficheiro, ante o Concello de Friol, Praza de España, 4, 27220.- Friol.- LUGO.

Nome do Ficheiro: Viveiro de Empresas.

Descrición da finalidade: Xestión administrativa integral das actividades de tutelaxe e asesoramento ás iniciativas empresariais de interese.

Finalidade: Xestión Contable, fiscal e administrativa, traballo e xestión de emprego e Outras finalidades.

Orixe e procedencia dos datos: O propio interesado ou o seu representante legal.

Colectivos interesados: Solicitantes, Beneficiarios, Propietarios ou arrendatarios.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro:

1. Datos de carácter identificativo: N.I.F./C.I.F., Nº S.S./Mutualidade, Nome e Apelidos, Enderezo, Teléfono, Sinatura e Imaxe/Voz.
2. Outros tipos de datos: Características persoais, Académicos e profesionais, Detalles de emprego, económicos, financeiros e de seguros e Información comercial.

Sistema de tratamento: Mixto.

Medidas de seguridade: Nivel Básico.



Destinatarios de cesións: Non teñen prevista ningunha cesión ou comunicación de datos.

Transferencias internacionais: Non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

Unha vez exposto, ábrese o turno de intervencións. Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa facer uso do turno de intervencións, nin plantexar ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á proposta, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

5.- RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL.- Dáse conta ao Pleno das actuacións obrantes nas oficinas municipais, en relación co recurso contencioso administrativo, interposto polo Concello de Friol, que se resumen a continuación:

- O 18 de decembro de 2015, recibíuse no Concello, Resolución de AGADER de pagamento en relación co proxecto PM14-32132-0149, sendo dita Resolución, a primeira que se notificou ao Concello en relación coa perda parcial de axuda inicialmente concedida, xustificada pola súa totalidade, tal e como pode comprobarse na conta xustificativa presentada.
- Polo Concello procedeuse á interposición de Recurso de Reposición contra a resolución de pagamento, solicitando que seguindo o procedemento polos seus trámites legais, se procedera á revogación da Resolución e se ditara nova Resolución recoñecendo o pago da totalidade da axuda concedida, en canto se estimaba que polo Concello, se procedera ao cumprimento das prestacións definidas no proxecto de obras e á xustificación da axuda concedida. Os motivos nos que se fundamentou o recurso interposto, foi a falta do preceptivo trámite de audiencia, a imposibilidade de minoración do importe da subvención no montante correspondente ás melloras de obra utilizadas como criterio de adxudicación, e o principio de confianza lexítima nas actuacións da administración.
- Contra a desestimación do Recurso de Reposición polo Director Xeral de AGADER de 5 de febreiro de 2016, o Concello interpuxo Recurso Contencioso Administrativo, que foi estimado parcialmente polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela, sentenza núm. 476/2016 (procedemento abreviado 180/2016) que ordea a retroacción das actuacións no expediente, anulando a Resolución de AGADER de 5 de febreiro de 2016, desestimatoria do Recurso de Reposición.
- O 11 de outubro de 2016, recibíuse notificación da Resolución do 5 de outubro do Director xeral de AGADER, pola que se concede trámite de audiencia, en execución de sentenza do Xulgado do Contencioso. Resolveu executar a sentenza nos seus propios termos e deixar sen efecto as resolucións recurridas, no que afecta á cuestión debatida. Conclúe a Resolución, habilitando un prazo de quince días para dar cumprimento ao



trámite de audiencia, para os efectos de que o Concello, presente os documentos e xustificacións que considere oportunos.

- Considerando a importancia do trámite de audiencia segundo a vixente Lexislación, no senso de que o dereito a ser oído e presentar alegacións, pode influír na Resolución que teña que adoptar quen resolva o procedemento, e que se outorgou cumprindo o disposto na sentenza, aínda que na propia sentenza se recolle no fundamento xurídico terceiro que a intención de AGADER é a de non ter en conta as alegacións que poidera presentar o concello recurrente, a Xunta de Goberno, na sesión do 24 de outubro de 2016, acordou a presentación de alegacións ao Director Xeral de AGADER no trámite de audiencia concedido por resolución de 5 de outubro, para dar cumprimento ao disposto na sentenza 476/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela. Solicitábase que, estimando as mesmas, con admisión da práctica da proba proposta, se proceda ao arquivo do expediente para a declaración de perda parcial do dereito ao cobramento da subvención correspondente no expte. PM14-32132-0149, ditando nova Resolución cos efectos inherentes de pago da totalidade da axuda concedida e xustificada polo Concello, en canto se estima que polo mesmo se procedeu ao cumprimento das prestacións definidas no proxecto das obras e se procedeu á xustificación da axuda concedida, e conformidade co establecido na resolución reguladora das mesmas.
- O 2 de decembro de 2016, recibíuse notificación da Resolución do Director Xeral de AGADER de 29 de novembro, que conclúe desestimando a solicitude de apertura do período probatorio proposto, e recoñecendo o dereito ao cobramento a favor do Concello, en concepto de pagamento final no expediente, do importe que foi transferido o 29/12/2015, en virtude da Resolución de 14 de decembro de 2015, A Resolución, pon fin á vía administrativa, podendo interpor contra a mesma Recurso de Reposición, ou ben directamente Recurso Contencioso Administrativo.
- Á vista da documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno, na sesión do 26 de decembro de 2016, acordou, a interposición de Recurso Potestativo de Reposición contra a Resolución de 29 de novembro de 2016, pola que se denega a apertura do período probatorio solicitado e se recoñece o cobramento ao favor do Concello, en concepto de pagamento final no expte PM14-32132-0149, o que supón unha perda parcial da subvención correspondente, sen aceptar as consideracións expostas polo Concello, no trámite de audiencia concedido por Resolución de 5 de outubro, para dar cumprimento ao disposto na sentenza 476/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela. Concluía solicitando, que se estimase o Recurso de Reposición, seguindo o procedemento polos trámites legais, se procedera á revogación da Resolución recurrida e se ditara nova Resolución recoñecendo o pago da totalidade da axuda concedida por Resolución de xaneiro de 2015, en canto se estima que polo Concello, se procedera ao cumprimento das prestacións



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

definidas no proxecto de obras e se procedeu á xustificación da axuda concedida, de conformidade co establecido na Resolución reguladora das mesmas.

- Coa data 25 de xaneiro do actual, recibíuse Resolución da Presidenta de AGADER, pola que se procede a desestimar o Recurso de Reposición presentado contra a Resolución do Director Xeral de AGADER de 29 de novembro de 2016, referida ao pagamento final en relación co proxecto de referencia.
- Á vista da Resolución, pola Xunta de Goberno, na sesión de 25 de febreiro do actual, acordouse a interposición de Recurso Contencioso Administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, contra a resolución de AGADER desestimatoria do Recurso de Reposición presentado polo Concello, en canto supón a perda parcial do dereito a cobramento da subvención concedida, encomendando a representación e defensa xurídica aos letrados adscritos ao Gabinete de Asesoramento e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Provincia de Lugo, da Excm. Deputación Provincial de Lugo.
- Coa data 5 de xuño do actual, recibíuse comunicación por correo electrónico, polo que se remite a sentenza núm. 178/17, pola que se desestima o Recurso Contencioso Administrativo núm. 110/2017, interposto polo Concello, facendo constar que contra a mesma non cabe recurso algún e ordeando que se proceda a remitir testemuña da sentenza, en unión do expediente administrativo, que aínda non chegou a día de hoxe.

Á vista do contido na sentenza, e aínda que non se comparte, polas razóns reiteradamente expostas, e polo trato discriminatorio realizado por AGADER, en relación co dispensado a outros concellos, non queda outra que acatar a mesma, e proceder a dar de baixa o importe pendente de percibir da achega de AGADER, que figuraba na relación de dereitos pendentes de cobrar, do exercicio de 2015, partida 751.

Á vista do actuado, polo Sr. Alcalde, propónse ao Pleno:

- Tomar razón da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela, pola que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto polo Concello contra a resolución de AGADER.
- En consecuencia, de conformidade co establecido na vixente Lexislación e nas Bases de Execución do Orzamento, dar de baixa o importe pendente de cobrar, que figura na partida 751, do presuposto de ingresos do exercicio de 2015.

Unha vez exposto, abriuse o turno de intervencións. Á vista de que polos que polos señores concelleiros non se desexa facer ningunha intervención ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

aprobación á proposta da Alcaldía, no senso anteriormente exposto, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

6.- CESIÓN EN PRECARIO DE LOCAL Á ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE LUGO.-

Dáse conta ao Pleno, do expediente incoado en orde á cesión en precario de un local no Centro Sociocultural de Friol, á Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Lugo. A cesión, circunscríbese no marco do Programa Rede Paraguas Alzheimer, entre a Fundación Barrié e a Federación Alzheimer de Galicia, en orde a desenvolver unha serie de acción encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas con demencia e os seus coidadores. O programa busca a posta en marcha de unidades de respiro para familias coidadoras de persoas cunha demencia, vinculando ao seu concello co desenvolvemento deste servizo.

Visto que o Concello é o único e exclusivo titular dos bens obxecto da cesión en precario e que se estima que a cesión en precario redunda en beneficio dos habitantes do término municipal, e sen que polos señores concelleiros se desexe facer ningunha intervención ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA**:

- A cesión en precario de local sito no Centro Sociocultural de Friol, de conformidade coas bases reguladoras da mesma, que o cesionario acepta íntegramente.
- Que o Concello conserva a facultade de esixila súa restitución cando conveña ós fins e intereses do mesmo, cun prazo previsto de 2 meses ademais dos demais supostos previstos nas bases de cesión aceptadas íntegramente polo cesionario.
- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, tan amplamente como sexa necesario para que en nome e representación do Concello asine a documentación precisa en orde á efectividade deste acordo.

Unha vez que concluiu a votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

7.- MOCIÓN.- Seguidamente pasarase ao estudo, debate e votación da moción presentada polo Grupo Popular, sobre a **ESTRADA PROVINCIAL CP 2901 "DA LU-232 POLO BURGO E VILAMAIOR DE NEGRAL A PALAS DE REI"**, que a continuación se transcribe:

"O estado da estrada CP 2901 que discorre dende o cruce coa LU-232, polo Burgo de Negral cara a Palas de Rei, de titularidade da Excm. Deputación Provincial de Lugo, atópase nun estado necesitado dunha total repavimentación, en gran medida como consecuencia do longo tempo que leva sen o axeitado mantemento de conservación, así como o tránsito cada vez maior e a utilización da mesma por vehículos agrícolas para o día a día das súas tarefas de gran importancia na zona.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Por todo o exposto, o P.P. municipal de Friol, propón ante o Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO:

- Dirixirse á Excmá Deputación Provincial de Lugo, en canto organismo titular da estrada afectada, solicitándolle que a maior brevidade posible proceda a repavimentación total da devandita estrada"

Unha vez exposta a moción, abriuse o turno de intervencións. Á vista de que polos que polos señores concelleiros non se desexa facer ningunha intervención ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á moción, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

8- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas entre o un de xaneiro e o trinta e un de marzo do actual.

9.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno das seguintes cuestións de interese para o mesmo:

- En relación co convenio de incorporación do Concello de Friol ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, aprobado polo Pleno do Concello na sesión de 29 de agosto de 2016, coa data 16 de maio do actual, ten entrada no rexistro do Concello, o exemplar do convenio, asinado por ambas partes.
- Informe de avaliación e comunicación ao MINHAFP, de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, que supón que o presuposto para 2017 da entidade cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria que contempla o Plan Económico Financeiro aprobado, e que o nivel de débada viva é cero. Deste informe deberá ter coñecemento o Pleno do Concello.
- O Concello de Friol, a Asociación Cultural Carballo Vivo e a Facultade de CC da Educación da USC, convocan o II PREMIO DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA, CULTURAL E ETNOGRÁFICA "CONCELLO DE FRIOL". Do que se informa ao Pleno, invitando aos señores concelleiros a facer as súas aportacións ao respecto.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta.

- O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos refírese aos comentarios que circulan en relación cun curso de capacitación agraria que vai organizar o concello. Pregunta que formación se impartirá, cando se vai celebrar e o custe que terá para os beneficiarios.
- O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos expón que no parque Rosalía de Castro, a fonte non é accesible e que os xogos instalados acumulan importantes deterioros, tanto polo seu uso, como por estar expostos ás condicións meteorolóxicas. Pregunta se hai prevista algunha actuación ao respecto.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos refírese á situación da Oficina de Extensión Agraria, que provoca reiteradas queixas dos usuarios en relación co seu funcionamento. Refírense tanto á dotación de persoal, como á atención ao público. Pregunta se o Sr. Alcalde é coñecedor da situación e se hai previsto a adopción dalgunha medida ao respecto.

Seguidamente o Sr. Alcalde, pasa a dar resposta ás preguntas do concelleiro Sr. Santos Ramos.

- En relación coa primeira cuestión, sobre o curso de capacitación agraria, di que hai un malentendido por parte da xente, xa que o Concello non ten nada que ver, está organizado polo G.D.R. O curso impartirase por unha empresa, cree que de León, que ten ampla experiencia en relación coa materia.
- En relación co tema do parque Rosalía de Castro, mirárase de solucionar o tema da fonte. Sobre os xogos infantís, xa está en marcha. Fíxose un prego de condicións e solicitáronse ofertas, estando próxima a adxudicación dos traballos, en orde á súa pronta execución.
- En relación coa oficina da Extensión Agraria, tiña noticias do malestar da xente por un posto que estaba sin cubrir, que ocasionaba trastornos aos usuarios, que viñan rexistrar as documentacións ao concello. O posto cubriuse recentemente e non volveu ter noticias do tema.

A concelleira Sra. Martínez Martínez, di que hai reiteradas queixas por parte dos usuarios, e non soamente polo que lle contan, ela mesma como usuaria, derivados da falta de atención e incumprimento de horarios. Engade que os veterinarios, non sempre teñen que estar alí, por ter que facer labores de inspeccións, pero non por parte do persoal de atención ao público, deixando aparte cuestións de educación, das que non quere facer mención nin que queda constancia na acta da sesión.

Á vista do exposto, dise que se dará traslado dos problemas á Consellería, para que, se é o caso, se tomen medidas ao respecto.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e coarenta e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.